



Guía Docente

Datos Identificativos					2016/17
Asignatura (*)	Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo		Código	652G01002	
Titulación	Grao en Educación Infantil				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es		
Profesorado	Mendez Garcia, Rosa Maria	Correo electrónico	rosa.mendez@udc.es		
Web	campusvirtual.udc.es/moodle/				
Descrición xeral	<p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito do sistema educativo, a través da adquisición do coñecemento epistemolóxico da pedagogía e a didáctica que sustenta a intervención educativa, así como do desenvolvemento de prácticas baseadas na utilización dos recursos didácticos para construír unha intervención informada e comprometida coa optimización do acceso á aprendizaxe en favor da inclusión da diversidade que caracteriza o contexto educativo.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se abordarán están orientados ao estudo e análise da escola, da cultura e da sociedade; do deseño e concreción do proceso de ensino e aprendizaxe; da análise da acción no ensino como unha estrutura de traballo para profesorado e estudantes e da avaliación no proceso de ensino e aprendizaxe.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A20	Valorar a importancia da estabilidade e a regularidade no contorno escolar, os horarios e os estados de ánimo do profesorado como factores que contribúen ao progreso harmónico e integral dos estudantes.
A21	Saber traballar en equipo con outros profesionais de dentro e fóra do centro na atención a cada estudante, así como na planificación das secuencias de aprendizaxe e na organización das situacións de traballo na aula e no espazo de xogo, identificando as peculiaridades do período 0-3 e do período 3-6.
A26	Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
A28	Coñecer experiencias internacionais e exemplos de prácticas de innovadoras en educación infantil.
A30	Participar na elaboración e seguimento de proxectos educativos de educación infantil no marco de proxectos de centro e na colaboración co territorio e con outros profesionais e axentes sociais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.



C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A1	B3 B10	
Comprender a terminoloxía básica, específica e propia da Didáctica, así como os conceptos referentes aos compoñentes didácticos do proceso de ensino e aprendizaxe, de modo que sexa capaz de reflexionar con rigor sobre os mesmos e orientar racionalmente a súa futura práctica docente.			
Valorar criticamente as diferentes formas de interpretar a realidade educativa de acordo coas diferentes visións sobre a función social da escola e o ensino como sistema, en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos. Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que circunda as aulas educativas.	A13 A26	B3 B15 B22 B24	C4 C6
Comprender as diferenzas entre a planificación curricular e a programación do proceso de ensino e aprendizaxe. Distinguir os diferentes niveis de concreción curricular e as súas implicacións. Coñecer os diferentes elementos e modalidades de deseño curricular.	A30	B3	C6
Coñecer e diferenciar os principios básicos e as características que fundamentan a articulación curricular na actualidade.	A4	B3	
Diferenciar os distintos elementos curriculares. Utilizar diferentes criterios para a análise de grupo, a formulación de obxectivos e a selección e secuenciación de contidos considerándoos como un corpo de coñecementos no marco dun proceso de construción e reconstrución progresiva.	A28 A30		
Comprender o valor científico e pedagóxico da avaliación no campo do ensino, entendida como unha avaliación eminentemente formativa, así como afondar nas relacións entre avaliación e investigación.	A20	B11	
Analizar as figuras implicadas no proceso de ensino e aprendizaxe. Reflexionar sobre a necesaria profesionalización docente e as funcións do profesorado. Comprender o carácter interrelacional da función do profesorado no sistema educativo.	A20 A21	B5 B6 B15	C4 C7
Desenvolver actitudes de investigación e innovación para facilitar a reflexión sobre a súa práctica educativa, entendida como un proceso de indagación e construción no marco da sociedade do coñecemento e o cambio cultural.	A21	B1 B11 B14	C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
MÓDULO I. A Didáctica no marco das ciencias da educación.	-- Ámbito conceptual da Didáctica. - Natureza, obxecto de estudo e finalidade da Didáctica. - A Didáctica, os procesos de ensino e aprendizaxe e o currículum.
MÓDULO II. As funcións sociais do ensino: (re)produción e (re)construción dos saberes, das condutas e dos valores.	-- As relacións escola-ensino-sociedade. -- Ensino e socialización: os principios do ensino nunha sociedade democrática. -- Reprodución e reconstrución do saber e da sociedade na escola. -- Harmonía e conflito nas relacións ensino-sociedade: contradicións no proceso de socialización. - A escola como camiño para a igualdade e a inclusión social, cara unha escola multicultural.



MÓDULO III. A cultura da institución escolar	<ul style="list-style-type: none">-- As dimensións da escola.-- A cultura no ensino obrigatorio: o currículo como categoría para a análise da cultura escolar.-- O oculto e o manifesto na aprendizaxe escolar.-- As determinacións dos contidos.-- O ensino na sociedade da información.-- Os fins básicos dos niveis do sistema educativo.
MÓDULO IV. O deseño e concreción do proceso de ensino e aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none">-- As concepcións sobre o currículo.-- As fontes e enfoques do currículo.-- Elementos e funcións do currículo.-- Niveis de concreción/obxetivación do currículo.-- O ensino como deseño e desenvolvemento do currículo, desde a perspectiva do pensamento do alumno e desde principios que promovan a sostibilidade.
MÓDULO V. O ensino como unha estrutura de traballo para profesorado e estudantes: a análise da acción	<ul style="list-style-type: none">-- A interacción de profesorado, estudantes, cultura, contexto e recursos nas actividades de ensino.-- As tarefas como marco de socialización educativa e do proceso de ensino e aprendizaxe.-- A estrutura de tarefas académicas no traballo de ensinantes e na actividade do alumnado.-- Pautas para o estudo de tarefas e das súas secuencias.-- Os métodos pedagóxicos: secuencia de tarefas.-- Os recursos didácticos, organizativos e materiais no proceso de ensino e aprendizaxe.-- Modelos e tradicións metodolóxicas na selección de actividades de ensino: a súa valoración crítica.
MÓDULO VI. O ensino como estrutura de comunicación	<ul style="list-style-type: none">-- As relacións interpersoais no proceso de ensino.-- A aula e os centros como espazos de comunicación pedagóxica.-- A xeración de expectativas e a aprendizaxe escolar.-- A importancia do clima da aula na aprendizaxe.-- O ensino máis alá do coñecemento: dimensións persoais.
MÓDULO VII. A avaliación no proceso de ensino e aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none">-- A avaliación no pensamento educativo e na práctica escolar.-- Funcións da avaliación no contexto escolar e social.-- Modelos de avaliación e posibilidades pedagóxicas.-- Modalidades de avaliación. Avaliación cuantitativa e cualitativa. Avaliación diagnóstica, formativa e sumativa. A autoavaliación.- Técnicas e instrumentos de avaliación: as súas características e limitacións.

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A4 A13 A20 A28 B11 B3 C6 C8	0	15	15
Sesión maxistral	A1 A4 A13 A20 A28 B3 C6 C7 C8	21	21	42
Presentación oral	B10 B11 B22	1	2	3
Traballos tutelados	A21 A26 A30 B1 B5 B6 B14 B15 B24 C4	18	36	54



Lecturas	A1 A4 A13 A20 A28 B1 B3 B10 B11 C7 C8	0	20	20
Proba mixta	A1 A4 A13 A20 A26 A28 B3 B6 B10 B11 B14 B15 B22 C7 C8	2	10	12
Atención personalizada		4	0	4
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	A análises de fontes documentais implica a reflexión sobre a importancia da inclusión da diversidade, atendendo aos múltiples factores que inciden no desenvolvemento da intervención educativa, co obxecto de favorecer a construción dunha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade educativa. Utilizaranse documentos audiovisuais e bibliográficos relevantes sobre a materia con actividades específicas deseñadas para a análise dos mesmos.
Sesión maxistral	Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.
Presentación oral	Os traballos tutelados presentaranse oralmente na aula, cando así se indique. As presentacións orais contarán cunha parte de exposición, onde os integrantes do grupo explicarán o contido do traballo realizado, e cunha parte de defensa onde responderán ás cuestións que lles formule a docente ou o resto de compañeiros/as.
Traballos tutelados	En torno aos diferentes temas proporase a realización como mínimo tres traballos de grupo que se iniciarán na aula e que logo deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia, como outros complementarios. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.
Lecturas	O alumnado dispoñerá dun dossier de lecturas que será a base de referencia sobre o tratamento dos contidos que se abordarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. A lectura do mesmo será de carácter obrigatorio, e recoméndase que os documentos se lean previamente ao tratamento de cada un dos temas na aula.
Proba mixta	A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a unha ou varias cuestións de diferente índole sobre o contido da materia. Para superar a proba será importante ser capaz de relacionar os contidos da materia facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, en torno ás diferentes dinámicas de traballo ao longo da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>1. As dúbidas e demandas de orientación que xurdan das sesións expositivas, análise de fontes documentais, actividades, lecturas, e preparación da proba de exame, serán atendidas pola profesora da materia durante o horario de titorías fixado de forma oficial.</p> <p>2. De maneira máis específica, e no marco das sesións interactivas, a profesora ofrecerá atención personalizada mediante a que levará o seguimento e orientación dos traballos tutelados que se realicen ao longo do cuadrimestre. Como este traballo se realizará en grupo, é recomendable que cada grupo realice unha titoría obligatoria, fóra do horario de docencia presencial da materia, que permita traballar sobre o funcionamento do propio grupo.</p> <p>3. Esta proposta de atención personalizada é extensible ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa.</p>
---------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A21 A26 A30 B1 B5 B6 B14 B15 B24 C4	<p>Os traballos tutelados realizados polos diferentes grupos de alumnos/as serán avaliados a partir dos seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> -A profundidade do contido. -O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. -A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. -A presentación e a claridade da exposición. <p>Trátase dun traballo fundamentalmente grupal, pero na parte da exposición oral pode facerse unha avaliación máis individualizada a través das preguntas que se realicen a cada membro do grupo. De ser o caso, esta avaliación individualizada non representará nunca máis dun 10% da cualificación que lle corresponde a esta metodoloxía de avaliación.</p>	40
Proba mixta	A1 A4 A13 A20 A26 A28 B3 B6 B10 B11 B14 B15 B22 C7 C8	<p>A proba mixta, de carácter individual, consistirá no desenvolvemento de varias cuestións e/ou casos obxecto de análise.</p> <p>As preguntas que se formulen aludirán tanto aos contidos teóricos da materia coma aos contidos prácticos, e pódense expresar en forma de pregunta curta, tipo test ou desenvolvemento e/ou análise dun caso práctico.</p>	60

Observacións avaliación
<p>O grao ten carácter presencial. O alumnado que por motivos comunicados á profesora ao inicio do curso non poda acudir ás sesións presenciais ou ao finalizar as mesmas teña unha asistencia inferior ao 85%. ademais dos traballos que en cada caso particular se especifiquen, realizará un examen con carácter obrigatorio ao final do cuadrimestre na data sinalada oficialmente. Este examen terá un valor do 80% do total da nota final. O criterio anterior é aplicable ao alumnado repetidor que non cumpra co 85% de asistencia, así como ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa. Calquera circunstancia persoal que poida alteirar o seguimento da materia por parte do alumnado deberá ser comunicada de inmediato para a súa oportuna e axeitada consideración e mesmo para tomar as medidas que houbera lugar en cada caso. Na 2ª oportunidade, os criterios de avaliación serán os mesmos que os propostos para a 1ª convocatoria.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica

Ainscow, M. (2001): Desarrollo de escuelas inclusivas. Madrid, Narcea. Antúnez, S., del Carmen, L. M., Imberón, F., Parcerisa, A. e Zabala, A. (2005): Del proyecto educativo a la programación de aula. Barcelona, Graó. Apple, M.W. (1996): Política cultural y educación. Madrid, Morata. Apple, M.W. e Beane, J.A. (Comps.). (1997): Escuelas democráticas. Madrid: Morata. Ayuste, A., Flecha, R., López Palma, F. e Lleras, J. (1994). Planteamientos de la pedagogía crítica: comunicar y transformar. Barcelona, Graó. Barcena, F. e Mèlich, J.-C. (2000): La educación como acontecimiento ético: natalidad, narración y hospitalidad. Barcelona, Paidós. Barnes, D. (1994): De la comunicación al currículo. Madrid, Visor. (2ª Ed.) Barton, L. (1998): Discapacidad y sociedad. Madrid, Morata. Bernstein, B. (1989): Clase y pedagogías visibles e invisibles. En J. Gimeno Sacristán e Á. Pérez Gómez (Comps.), La enseñanza: su teoría y su práctica. Madrid, Akal Universitaria, pp. 54-72. Bolívar, A. (2000): Los centros educativos como organizaciones que aprenden. Promesas y realidades. Madrid, La Muralla. Bruner, J. (1987): La importancia de la educación. Barcelona, Paidós. Carr, W. (1991): Entrevista. Investigación en la escuela, nº 14, pp. 99-106. Carbonell Sebarroja, J. (2008). Una educación para mañana. Barcelona: Octaedro. Casado Velarde, C. (1988): Lenguaje y cultura. Madrid, Síntesis. Cazden, C.B. (1991): El discurso en el aula: el lenguaje de la enseñanza y del aprendizaje. Barcelona/Madrid, Paidós/MEC. (2ª ed.) Clemente Linuesa, M. (2004): Lectura y cultura escrita. Madrid, Morata. Coll, C. e otros/as (1993): El constructivismo en el aula. Barcelona, Graó. Cortina, A. (1993): Ética aplicada y democracia radical. Madrid, Tecnos. Cummins, J.A. (2002): Lenguaje, poder y pedagogía: niños y niñas bilingües entre dos fuegos. Madrid, Morata. Delamont, S. (1985): La interacción didáctica. Madrid, Cincel. Delpit, L. (1995): Other people's children: cultural conflict in the classroom. New York, The New Press. Del Carmen, L. e otros/as (2004): La planificación didáctica. Barcelona, Graó. Díez Navarro, M. Carmen (2010): El piso de abajo de la escuela. Barcelona Graó. Edwards, D. e Mercer, N. (1988): El conocimiento compartido: el desarrollo de la comprensión en el aula. Barcelona/Madrid, Paidós/MEC. Fernández Pérez, M. (1994): Las tareas de la profesión de enseñar. Madrid, SXXI. Fernández Enguita, M. (1999): La profesión docente y la comunidad escolar: crónica de un desencuentro (3ª ed.). Madrid/Coruña, Morata/Fundación Paideia. Fernández Enguita, M. (1999): Alumnos gitanos en la escuela paya: un estudio sobre las relaciones étnicas en el sistema educativo. Barcelona, Ariel Praticum. Fernández Enguita, M. (2001): Educar en tiempos inciertos. Madrid, Morata. Freire, P. (1985): Pedagogía del oprimido. Madrid, Siglo XXI. Freire, P. (1985): La naturaleza política de la educación. Barcelona/Madrid: Paidós/MEC. Gardner, H., Feldman, D.H., Krechevsky, M. e Viens, J. (2001): El Proyecto Spectrum (Tomo I): construir sobre las capacidades infantiles. Madrid, Morata. Gee, J.P. (2005): La ideología en los discursos. Madrid, Morata. Gimeno Sacristán, J. (1997): El curriculum: una reflexión sobre la práctica. Madrid, Morata (7ª ed.). Gimeno Sacristán, J. e Pérez Gómez, Á.I. (Comps.) (1997): Comprender y transformar la enseñanza (6ª ed.). Madrid, Morata. Giroux, H.A. (1988): Los profesores como intelectuales: hacia una pedagogía crítica del aprendizaje. Barcelona/Madrid, Paidós/MEC. González Sánchez, M. (1987): Lenguaje escolar y clase social. Salamanca, Amarú. (2ª Ed.) Grundy, S. (1998): Producto o praxis del curriculum. Madrid, Morata (3ª ed.). Gutiérrez Zuloaga, I. (1997): Introducción a la historia de la logopedia. Madrid, Narcea. Guttman (Gutmann), A. (2001): La educación democrática: una teoría política de la educación. Barcelona, Paidós. Hargreaves, A. (1996): Profesorado, cultura y postmodernidad (cambian los tiempos, cambia el profesorado). Madrid, Morata. Hargreaves, A. (2003): Enseñar en la sociedad del conocimiento. Barcelona, Octaedro. Hernández, S. y Ventura, M. (1992): La organización del currículo por proyectos de trabajo. Barcelona, Graó. Jackson, P.W. (1996): La vida en las aulas. Madrid/A Coruña, Morata/Fundación Paideia. Kalyanpur, M. e Harry, B. (1999): Culture in special education: building reciprocal family-professional relationships. Baltimore, Paul H. Brookes. Kemmis, S. e McTaggart, R. (1992): Cómo planificar la investigación-acción (2ª ed.). Barcelona, Laertes. Kincheloe, J.L., Steinberg, S.R. e Villaverde, L. (Comps.) (2004): Repensar la inteligencia. Madrid, Morata. Kushner, S. (2002): Personalizar la evaluación. Madrid, Morata. Losen, D. e Orfield, G. (Comps.) (2002): Racial inequity in special education. Cambridge, Harvard University Press. Martín Rojo, L., Alcalá Recuerda, E., Garí Pérez, A., Mijares Molina, L., Sierra Rodrigo, I. e Rodríguez, M. Á. (2003): ¿Asimilar o integrar? Dilemas ante el multilingüismo en las aulas. Madrid, Centro de Investigación Documentación Educativa (CIDE), Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Martínez, I. e Vázquez-Bronfman, A. (Comps.) (1995): La socialización en la escuela y la integración de las minorías: perspectivas etnográficas en el análisis de la educación de los años 90. Madrid, Fundación Infancia y Aprendizaje / Fundación "la Caixa". Moya Maya, A. (2002): El profesorado de apoyo: ¿dónde?, ¿cuándo?, ¿cómo?...realiza su trabajo. Archidona, Ediciones Aljibe. Moya Maya, A., Martínez Ferrer, J. e Ruiz Salguer, J.M. (2005): Una alternativa de apoyo en los centros: el modelo de apoyo curricular. Archidona, Ediciones Aljibe. McCarthy, C. (1994): Racismo y curriculum: la



desigualdad social y las teorías y políticas de las diferencias en la investigación contemporánea sobre la enseñanza. Madrid/Coruña, Morata/Fundación Paideia. Moreno, M. e outros/as (1983): La pedagogía operatoria: un enfoque constructivista de la educación. Barcelona, Laia. Nussbaum, M. C. (2010). Sin fines de lucro. Madrid: Katz Editores. Parra Ortiz, J.M. (2010): Manual de Didáctica de la Educación Infantil. Madrid. Gadeta Editorial. Perrenoud, P. (1996): La construcción del éxito y el fracaso escolar. Madrid, Morata / Fundación Paideia (2ª ed. ampliada). Perrenoud, P. (2012). Cuando la escuela pretende preparar para la vida. ¿Desarrollar competencias o enseñar otros saeres? Barcelona: Graó. Ramonet, I. (1998): La tiranía de la comunicación. Barcelona, Temas de Debate. Sánchez Blanco, C. (1994): La cooperación en Educación Infantil. A Coruña, Universidade da Coruña. Sánchez Blanco, C. (1994): El desarrollo de actitudes en Educación Infantil. Zaragoza, Edelvives. Santos Guerra, M.Á. (1990): Hacer visible lo cotidiano: teoría y práctica de la evaluación cualitativa de los centros escolares. Madrid, Akal. Schön, D. A. (1992). La formación de profesionales reflexivos: hacia un nuevo diseño de la enseñanza y el aprendizaje en las profesiones. Madrid / Barcelona, Centro de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia (MEC) / Paidós. Stainback, S. e Stainback, W. (2001). Aulas inclusivas: un nuevo modo de enfocar y vivir el currículo. Madrid, Narcea. Steinberg, S.R. e Kincheloe, J. L. (Comps.) (2000): Cultura infantil y multinacionales. Madrid, Morata. Stenhouse, L. (2003): Investigación y desarrollo del curriculum (5ª ed.). Madrid, Morata. Stubbs, M. (1987): Análisis del discurso, análisis sociolingüístico del lenguaje natural. Madrid, Alianza. Stubbs, M. (1983): Lenguaje y escuela: análisis sociolingüístico de la enseñanza. Madrid, Cincel. Tannen, D. (1998): Género y discurso. Barcelona, Paidós. Torres Santomé, J. (2001): Educación en tiempos de neoliberalismo. Madrid, Morata. Torres Santomé, J. (2005): El curriculum oculto (8ª ed.). Madrid, Morata. Torres Santomé, J. (2006): La desmotivación del profesorado. Madrid, Morata. Torres Santomé, J. (2006): Globalización e interdisciplinariedad: el curriculum integrado (5ª Ed.). Madrid, Morata. Trillo Alonso, F. Y Sanjurjo, L (2008): Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica. Rosario, Homo Sapiens. Unamuno, V. (2003): Lengua, escuela y diversidad sociocultural: hacia una educación lingüística crítica. Barcelona, Graó. Van Dijk, T.A. (1995): Texto y contexto: semántica y pragmática del discurso (5ª ed.). Madrid, Cátedra. Varela, J. e Álvarez-Uría, F. (1991). Arqueología de la escuela. Madrid, La Piqueta. Zavalloni, G. (2011): La pedagogía del caracol. Por una escuela lenta y no violenta. Barcelona: Graó



Bibliografía complementaria	<p>Recursos web Asociación de Enseñantes con Gitanos: http://www.pangea.org/aecgit A Página de Educação (revista electrónica internacional): http://www.a-pagina-da-educacao.pt Aula Intercultural: portal de educación intercultural (con moita información didáctica): http://www.aulainter-cultural.org/mot.php?id_mot=72 CIDE (Centro de Investigación e Documentación Educativa) - MEC: http://www.mec.es/cide/index-ga.htm CNICE (Centro Nacional de Información e Comunicación Educativa) - MEC: http://www.pntic.mec.es Consellería de Educación e Ordenación Universitaria - Xunta de Galiza: http://www.edu.xunta.es/portal/index.jsp Currículo Sem Fronteiras (revista electrónica crítica da actualidade educativa polo mundo): http://www.curriculosemfronteiras.org/artigos.htm Edugaliza. O ensino galego na rede: http://www.edugaliza.org EURYDICE - Red europea de información sobre a educación en Europa: http://www.eurydice.org/index.shtml Foro Social Ibérico pola Educación: http://www.fsipe.org/cas/principal.htm Fórum Mundial de Educação: http://fmet.terra.com.br IEA (International Association for Evaluation of Educational Achievement): http://www.iea.nl Instituto de Avaliación - Ministerio de Educación y Ciencia: http://www.ince.mec.es MEC (Ministerio de Educación y Ciencia): http://www.mec.es OCDE - Education: http://www.oecd.org/topic/0,2686,en_2649_37455_1_1_1_1_37455,00.html OEI (Org. de Estados Iberoamericanos para a Educación, Ciéncia e Cultura): http://www.oei.es OLPED (Observatório Latino-Americano de Políticas Educacionais): http://www.lpp-uerj.net/olped PISA (Programme for International Student Assessment): http://www.pisa.oecd.org UE - Red Europea de Responsábeis de Avaliación de Sistemas Educativos: http://cisad.adc.education.fr/rev UNESCO - Oficina Internacional de Educación: http://www.ibe.unesco.org UNICEF: http://www.unicef.org/ Revistas de educación &shy; ADAXE &shy; AULA DE INNOVACIÓN EDUCATIVA &shy; COMUNIDAD ESCOLAR &shy; CUADERNOS DE PEDAGOGÍA &shy; CURRICULUM &shy; ENSEÑANZA &shy; ESCUELA ESPAÑOLA &shy; GUIX &shy; INFANCIA Y APRENDIZAJE &shy; INNOVACIÓN EDUCATIVA &shy; INVESTIGACIÓN EN LA ESCUELA &shy; KIKIRIKÍ &shy; PADRES Y MAESTROS &shy; PERSPECTIVA ESCOLAR &shy; REVISTA DE EDUCACIÓN &shy; REVISTA DE ESTUDIOS DEL CURRICULUM &shy; REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN &shy; REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN REVISTA GALEGA DO ENSINO SIGNOS</p> <p>----- BRITISH JOURNAL OF EDUCATIONAL STUDIES. BRITISH JOURNAL OF SOCIOLOGY OF EDUCATION. CURRICULUM INQUIRY. DISCOURSE. E-LEARNING. EDUCATIONAL ACTION RESEARCH. EDUCATIONAL POLICY. EDUCATIONAL RESEARCHER. EDUCATIONAL STUDIES. GENDER AND EDUCATION. HARVARD EDUCATIONAL REVIEW. INTERCHANGE. INTERNATIONAL JOURNAL OF INCLUSIVE EDUCATION. JOURNAL OF CURRICULUM STUDIES. JOURNAL OF EDUCATION POLICY. JOURNAL OF TEACHER EDUCATION. PEDAGOGY, CULTURE & SOCIETY (antes CURRICULUM STUDIES). TEACHERS COLLEGE RECORD. TEACHING & TEACHER EDUCATION. THE CURRICULUM JOURNAL. THEORY AND RESEARCH IN EDUCATION. THEORY INTO PRACTICE. Bibliografía de motivación BANDA DESEÑADA: CANTÓN MAYO, I. (Coord.) (2009): Narraciones de la Escuela. Barcelona. Editorial Davinci. CANTÓN MAYO, I. (Coord.) (2010): Narraciones de maestros. Barcelona. Editorial Davinci. DIEZ NAVARRO, C. (2003): El piso de abajo de la escuela. Barcelona. Graó. GIMÉNEZ, Carlos (1977-2003): Paracuellos (6 vols.). Barcelona, Glenat. GIMÉNEZ, Carlos (2001): Barrio. Barcelona, Glenat. McCOURT, F. (2005): El profesor. Madrid, Maeva. MARÍN, Xaquín (1978): Gaspariño. A Coruña, Rueiro. MARÍN, Xaquín (1982): Gaspariño 2. Vigo, Edicións Xerais. PENNAC C. (2008): Mal de escuela. Barcelona. Mondadori. QUINO (2001): Todo Mafalda. Barcelona, Lumen (5ª ed.). TONUCCI, Francesco (1994): Con ojos de niño. Barcelona, Barcanova (6ª ed.). TONUCCI, Francesco (1988): Niño se nace. Barcelona, Barcanova (2ª ed.). TONUCCI, Francesco (1989): Cómo ser niño. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, Francesco (1993): La soledad de los niños. Barcelona, Barcanova. TONUCCI, Francesco (2003): Cuando los niños dicen ¡Basta!. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez. LITERATURA: BOYNE, John (2007): El niño con el pijama de rayas. Barcelona, Salamandra. GOSCINNY, René (2001): El pequeño Nicolás. Madrid, Alfaguara (24 ed.). GOSCINNY, René (2001): Los recreos del pequeño Nicolás. Madrid, Alfaguara (16 ed.). GOSCINNY, René (2001): Las vacaciones del pequeño Nicolás. Madrid, Alfaguara (20 ed.). GOSCINNY, René (1988): Los amiguetes del pequeño Nicolás. Barcelona, Salvat. HASKI, Pierre (2004): El diario de Ma Yan. Madrid, Maeva. HENTIG, Hartmut Von (2003): ¿Por qué tengo que ir a la escuela? Cartas a Tobías. Barcelona, Gedisa. MACHADO, Antonio (1991): Juan de Mairena: sentencias, donaires, apuntes y recuerdos de un profesor apócrifo (1936). Madrid, Castalia.</p>
------------------------------------	--



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Deseño de ambientes de aprendizaxe, materiais e recursos didácticos/652G01013

Educación matemática/652G01014

Didáctica da lingua galega/652G01015

Didáctica da lingua castelán/652G01018

Ensino das ciencias da natureza/652G01019

Didáctica da expresión corporal/652G01020

Deseño de proxectos educativos de 0 a 3 anos/652G01021

Medio social e cultural e a súa didáctica/652G01025

Didáctica da expresión musical/652G01023

Didáctica da lingua estranxeira/652G01026

Didáctica da expresión plástica/652G01027

Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica/652G01029

Ensino do corpo humano e de hábitos saudables/652G01032

Educación psicomotriz e habilidades motrices/652G01039

Didáctica da educación ambiental e para a sustentabilidade/652G01041

Didáctica da dramatización e do teatro infantil/652G01042

Observacións

Promoveranse os envíos dos traballos telemáticamente e, se non é posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías